

- <http://www.ascega.es/eventos-organizados-by-ascega/talleres-aprendiendo-a-emprender/2-secciones-y-documentos/680-presentacion-del-proyecto-eidus.html>

## Presentación del Proyecto EIDUS



Nos remiten desde el Ayuntamiento esta nota para la presentación del Proyecto EIDUS (Estratexia Integrada de Desenvolvemento Urbano Sustentable da Coruña)

Estimada/o cidadá/án,

Diríxome a vostede co obxectivo de achegarlle novas sobre un dos proxectos de maior transcendencia para o presente e o futuro da nosa cidade: a Estratexia Integrada de Desenvolvemento Urbano Sustentable da Coruña (EIDUS-Coruña).

Remítolle tres documentos que, ao meu parecer, explican a importancia da cuestión formulada e os seus contidos básicos, así como o xeito de participar neste novo e relevante proceso: achegando suxestións e posicionamentos, contribuíndo coa súa adhesión a este reto colectivo, a través da participación directa en web ou acudindo aos encontros presenciais previstos. En relación con esta última canle de participación, infórmoa/o de que os "Encontros da EIDUS-Coruña" realizaranse entre os **días 3 e 6 e entre o 10 e o 13 de novembro no Centro Ágora (Lugar da Gramela, 17), das 19.30 ás 21.00 horas**. Nos ditos encontros, participarán todas e todos os concelleiros do Goberno municipal.

Coa finalidade de contarmos coa súa presenza e facilitarlle ao máximo a posibilidade de participar, deixamos á súa disposición o correo [eidus@coruna.es](mailto:eidus@coruna.es) e o teléfono 981 184 200, ext. 11111 para cadrar o día que mellor se adapte á súa axenda.

No Centro Ágora darémoslle a benvida a este proxecto en que agardamos contar coa súa colaboración e apoio.

Saúdos cordiais,

Xulio Ferreiro Baamonde

Alcalde da Coruña

ESTRATEGIA INTEGRADA EIDUS CORUÑA

Ayuntamiento de A Coruña

Descargas: documento [Alcaldía Coruña EIDUS](#) en formato PDF y [Modelo de carta de Apoyo EIDUS Coruña](#)

<http://www.ascega.es/eventos-organizados-by-ascega/talleres-aprendiendo-a-emprender/2-secciones-y-documentos/680-presentacion-del-proyecto-eidus.html>